

Rehabilitación e restauración post-incendio: efectos no tempo sobre a recuperación da vexetación afectada, a súa inflamabilidade e na calidade do solo

Tipo de proxecto: investigación

Entidad Financiadora: INIA/Feder (RTA 2011-00065-C02-00).

Entidades Participantes: CIF Lourizan. CIF-INIA (Laboratorio de Fuegos Forestales)

Período: 2012 - 2014

Investigador principal: José Antonio Vega Hidalgo

Investigadores participantes: Pedro Cuiñas, M^a Teresa Fontúrbel Lliteras

Resumo: Preténdese obter unha información que permita seleccionar as mellores técnicas aplicables á recuperación de áreas forestais queimadas, axudando á determinación das zonas cunha maior prioridade nas actuacións post-lume, avaliando os seus efectos sobre o control da erosión, recuperación da vexetación e propiedades edáficas. Tamén cuantificar os efectos das actividades silvícolas inmediatas post-incendio sobre a recuperación da vexetación afectada e calidade do solo

Palabras clave: lumes forestais; tratamentos de rehabilitación; erosión; vexetación; solos forestais; tratamentos selvícolas post-incendio



Con este proxecto preténdese proporcionar información práctica que sirva de apoio aos xestores forestais na súa toma de decisións de actuacións post-incendio para a recuperación das áreas afectadas. Para iso a contribución do CIF de Lourizán céntrase nos seguintes obxectivos:

- Relacionar niveis de severidade do lume no solo baseados en signos visuais de alteración, con niveis de quentamento producidos, cambios cuantitativos nas propiedades físicas, biolóxicas e químicas do solo queimado para servir de base á delimitación de áreas prioritarias a rehabilitar despois do lume.
- Avaliar os efectos a curto prazo de diferentes tratamentos de rehabilitación de solos incendiados sobre o control da erosión, recuperación da vexetación e propiedades edáficas.
- Cuantificar os efectos a medio e longo prazo das actividades silvícolas inmediatas post-incendio sobre a recuperación da vexetación afectada e calidade do solo.